

XORNADA DE TRABALLO

“PRODUCIR, ESPALLAR, LOCALIZAR... SOFTWARE EN GALEGO”

As concellarías de Política Lingüística e Relacións Veciñais, Educación e Mocidade, Cultura e Promoción Económica, Emprego e Comercio do Concello de Santiago de Compostela comprácense en convidalo/a a participar na xornada de traballo “Producir, espallar, localizar... software en galego” que vai ter lugar o venres 29 de setembro a partir das 10 h no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal (rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16) co programa que se achega.

“Producir, espallar, localizar... Software en galego”, iniciativa que conta coa colaboración do proxecto mancomun.org, pretende converterse nun punto de encontro no que analizar a situación da localización de software e da produción de software propio en Galicia desde diferentes parámetros (promotores, utilidade, extensión de uso, materiais complementarios...), contrastar diferentes experiencias de localización/produción de software e coñecer de primeira man a política ao respecto das diferentes áreas do goberno galego con competencias no tema.

Dado que o número de prazas é limitado, agradecemoslle que antes do 26 de setembro nos confirme a súa asistencia no correo electrónico dlg@aytocompostela.es

“PRODUCIR, ESPALLAR, LOCALIZAR... SOFTWARE EN GALEGO”

OBXECTIVOS XERAIS

- Reflexionar sobre a importancia de contar con software na propia lingua para avanzar no proceso de normalización, nomeadamente entre a mocidade e no eido socioeconómico.
- Coñecer polo miúdo unha experiencia exitosa de localización de software baseada no voluntariado, Softcatalá, e a súa convivencia con outras formulacións baseadas na profesionalización.
- Analizar a situación da localización de software e da produción de software propio en Galicia dende diferentes parámetros: promotores, utilidade, extensión de uso, materiais complementarios.....
- Contrastar as diferentes experiencias de localización de software e debater sobre o ‘modelo galego’ para a súa localización e difusión.
- Tirar conclusións de interese para organizacións e administracións implicadas nestes procesos.

DESTINATARIOS/AS

- Técnicos e especialistas das áreas da dinamización lingüística a terminoloxía, a ofimática, as TIC, a formación e a educación.
- Responsábeis políticos das áreas de industria e innovación, educación, informática e política lingüística tanto da Xunta de Galicia como de concellos e deputacións.
- Membros de organizacións sociais relacionadas coa dinamización lingüística, a educación, a formación ocupacional, a localización e a produción e divulgación das TIC.

PARTICIPACIÓN

- O 80% das prazas están reservadas para invitacións nominais; isto é, para persoas que por coñecementos, experiencia ou interese

son susceptíbeis de arrequecer o debate ou aplicar as conclusións que del se deriven. Neste caso, a asistencia debe confirmarse antes do 26 de setembro mediante mensaxe ao Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago: dlg@aytocompostela.es

- O 20% restante resérvase para quen comunique o seu interese enviando un correo ao mesmo enderezo electrónico unha vez feita pública a convocatoria.

FORMULACIÓN E DESENVOLVEMENTO

- Mesas de traballo nas que o(s) relator(es) fan unha breve exposición (máximo 10 minutos) e, de seguido, a persoa encargada de moderar formula unha serie de preguntas para orientar e contextualizar o debate con todos os participantes.
- As mesas de traballo divídense en tres grandes bloques temáticos:
 - a) Localización de software baseada no voluntariado. A experiencia de Softcatalá. Voluntariado versus administración: o estado da cuestión en Cataluña.
 - b) A localización e produción do software en Galicia. As experiencias baseadas no voluntariado (o proxecto Trasnó e outras iniciativas), a produción de software específico promovido por concellos (o Concello de Santiago e as ferramentas de xestión de asociacións), a política da Consellería de Industria (proxecto mancomun.org) e da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
 - c) Alfabetización: a chave para a utilización e a difusión (experiencias dende o voluntariado, Ciberlingua, e liñas de actuación da Consellaría de Educación).

DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN

- Venres, 29 de setembro, no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal (rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16. Santiago de Compostela).
- Horario: de 10 a 14.30 e de 16.30 a 20.30 h.

PROGRAMA

10.00 h. **Presentación e apertura da xornada.**

10.15 h. **Localización de software baseada no voluntariado. A experiencia de Softcatalá.** Voluntariado versus administración: o estado da cuestión en Cataluña.

Relator:

Jordi Mas, coordinador xeral de Softcatalá, coordinador académico do mestrado en software libre da Universitat Oberta de Cataluña e autor do libro *Software libre: Tecnicamente viábel, economicamente sostíbel e socialmente xusto*.

Moderadora:

Isabel Vaquero, técnica do SNL da Universidade de Santiago e coautora do libro *Da periferia á rede. Internet en Galicia: Lingua e contidos*.

12.15 e12.30 h. Pausa.

12.30 a 14.30 h. **Experiencias e políticas de localización/producción de software en Galicia.**

Relatores:

Ramón Flores, profesor universitario, autor de dicionarios galegos para correctores ortográficos libres e membro do Proxecto Trasno.

Manuel Portas, concelleiro delegado de Política Lingüística, Relacións Veciñais e Deportes no Concello de Santiago.

Elena Veiguela, directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información da Xunta de Galicia.

Moderador:

Carlos Neira, economista, técnico da empresa Cidadanía e membro da Mesa Galega a prol da Innovación.

14.30 a 16.30 h. Descanso para xantar.

16.30 a 18.30 h. **Alfabetización: a chave para a utilización e a difusión.**

Relatores:

Luís Teira, mestre especialista en TIC, coordinador de Ciberlingua e coautor do manual *Navegádomos*.

Juan Antonio Valiño, xefe da área de Sistemas e Comunicación da Consellería de Educación.

Moderador:

Daniel Romero, xestor de actividades culturais e de normalización lingüística do Concello de Fene, coautor do libro *Da periferia á rede. Internet en Galicia: Lingua e contidos*.

18.30 a 20.30 horas. **Presentación e debate de conclusións.**

ORGANIZAN

Concellaría de Cultura
Concellaría de Educación e
Mocidade
Concellaría de Política Lingüística
e Relacións Veciñais
Concellaría de Promoción
Económica, Emprego e Comercio

COLABORA

Proxecto Mancomún
<http://www.mancomun.org>